

## **PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO**

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 21-12-2023, ditou a resolución con número 3556/2023 que deseguido se transcribe:

### **RESOLUCIÓN**

#### **CONVOCATORIA DE ELECCIÓN PARA NOMEAR AS/OS REPRESENTANTES DOS DIFERENTES COLECTIVOS DO CONSELLO DEPORTIVO MUNICIPAL DE CARBALLO.**

Vistos os seguintes **ANTECEDENTES**:

**Primeiro.-** Acordo do Pleno do Concello de Carballo, de data 4 de setembro de 2023, polo que se aproba a convocatoria de eleccións para nomear os/as representantes dos diferentes colectivos do Consello Deportivo Municipal.

**Segundo.-** Informe do servizo de fomento e programas deportivos sobre elaboración dos censos electorais.

#### **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Convocar asemblea única o día **18 de xaneiro de 2024 no Fórum Carballo, sito na Praza dos Bombeiros Voluntarios, s/n, ás 20:30**, aos efectos de proceder ás eleccións para nomear os/as representantes dos diferentes colectivos do Consello Deportivo Municipal do Concello de Carballo (en adiante CDMC), con arreglo ó establecido no seu regulamento (BOP da provincia da Coruña nº 123, de 1 de xullo de 2014) e ás seguintes disposicións:

1. Para a participación no proceso electoral haberá que estar inscrito no Censo electoral definitivo, que se publicará no taboleiro de anuncios e na web do Concello de Carballo, a partir do día 9 de xaneiro de 2024.
2. O censo electoral provisional (anexos I e II a esta resolución) publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Carballo (www.carballo.gal), estando aberto o prazo de solicitude de inclusión, exclusión e corrección de erros de 10 días hábiles dende o día seguinte ao da publicación.
3. A mesa electoral constituirase na mesma xornada electoral.
4. As entidades incluídas no censo electoral serán representadas polo seu presidente/a ou persona en que delegue a súa representación, que se acreditará co DNI e certificación da condición de presidente/a ou ca certificación da delegación da representación.
5. Cada entidade incluída no censo electoral, terá a condición de elector/a, votando tan só para o colectivo do que forma parte dos definidos no Regulamento do CDMC (asociacións ou clubs deportivos ou asociacións ou entidades de implantación local que traballen vencelladas ao eido do deporte).
6. Cada entidade incluída no censo electoral poderá presentar a súa candidatura na asemblea, debendo para elo designar ó seu representante a estos efectos. O representante deberá formar parte da mesma e non poderá ser membro directivo ou practicante doutra entidade deportiva.
7. O candidato de cada entidade acreditará a súa condición ca certificación do acordo de nomeamento como representante da mesma a efectos de membro do CDMC.
8. O Regulamento do CDMC e os modelos referentes ó proceso publicaranse no taoleiro de anuncios do Concello de Carballo, sito no primeiro andar da Casa do Concello e na páxina web www.carballo.gal

**Segundo.-** Aprobar o censo electoral provisional, composto por entidades inscritas no RMA, clasificadas segundo dúas tipoloxías: a) Asociacións ou clubs deportivos implantadas na localidade;

**CONCELLO DE CARBALLO**

C.I.F.: P1501900C  
 Praza do Concello S/N  
 Teléfono 981 70 41 00  
 www.carballo.gal  
 infocarballo@carballo.gal  
 15100 CARBALLO - A Coruña



2023/D002/000018  
 Exp. 2023/G003/003763

b) Asociacións ou entidades de implantación local que que traballen vencelladas ao eido do deporte, segundo o detallado nos Anexos I e II.

**Terceiro.-** Abrir un prazo de alegacións ó censo electoral provisional para solicitude de inclusión, exclusión ou corrección de erros, de dez días hábiles computados dende o día seguinte ao da publicación da presente resolución no taboleiro de anuncios do Concello de Carballo.

**Cuarto.-** Comunicar mediante publicación no Taboleiro de Anuncios do Concello de Carballo e na páxina www.carballo.gal a presente resolución ás entidades deportivas e entidades vencelladas ó eido do deporte con implantación local.

### **Anexo I.- “Consello Deportivo Municipal. Convocatoria de eleccións.Censo electoral provisional de entidades deportivas”**

N.º	Nº RMA	CIF	ENTIDADE
1	RMA003	***6193**	CLUB DE CHAVE ARTESANIAS PADIN
2	RMA008	***7055**	CLUB DE CHAVE BAR FERGO
3	RMA010	***6619**	CLUB DE CHAVE BAR A PIPA
4	RMA013	***1719**	CLUB DE SALVAMENTO E SOCORRISMO CARBALLO
5	RMA027	***0458**	ESCOLA BASKET XIRIA
6	RMA028	***8668**	ASOCIACION DEPORTIVA CULTURAL VOLEIPRAIA COSTA DA MORTE
7	RMA030	***0855**	ASOCIACION DEPORTIVA PEDRAS BRANCAS
8	RMA031	***2088**	CLUB CICLISTA CARBALLO
9	RMA041	***0463**	ESCOLAS BALONMAN XIRIA
10	RMA043	***1133**	ASOCIACION DEPORTIVA XIRIA
11	RMA056	***4049**	CLUB MANUEL POSE VEIGA
12	RMA065	***3862**	ATLETISMO CARBALLO
13	RMA072	***2266**	CLUB BALONCESTO ARTAI
14	RMA073	***3210**	SD SAN LORENZO
15	RMA074	***1607**	AGRUPACIÓN DEPORTIVA FOGAR
16	RMA075	***6033**	SOCIEDADE DEPORTIVA SOFÁN
17	RMA076	***3197**	KARATE-DO CARBALLO
18	RMA077	***7945**	ESCOLAS DE FÚTBOL LUIS CALVO SANZ
19	RMA078	***1167**	BERGANTIÑOS FC
20	RMA080	***1492**	ESCOLA LUBIÁNS DE HOCKEY A PATÍNS
21	RMA084	***3844**	MAIS MOTOR
22	RMA085	***4574**	JUDO CLUB BERGANTIÑOS
23	RMA086	***2521**	AGRUPACION DEPORTIVA CARBALLO
24	RMA088	***3234**	CLUB DEPORTIVO OS MUDITOS
25	RMA089	***3194**	A.D. MEDIA DUCIA
26	RMA092	***9740**	BOAOLA CLUB SURF
27	RMA094	***0725**	CLUB DE XADREZ O TOQUE XIRIA
28	RMA095	***8612**	CLUB CICLISTA MONTENEME
29	RMA096	***9773**	CLUB DE SURF TEIRON
30	RMA097	***4780**	3D3 PÁDEL

**CONCELLO DE CARBALLO**

C.I.F.: P1501900C  
 Praza do Concello S/N  
 Teléfono 981 70 41 00  
 www.carballo.gal  
 infocarballo@carballo.gal  
 15100 CARBALLO - A Coruña



2023/D002/000018  
 Exp. 2023/G003/003763

31	RMA098	***4306**	A D UN PASO MÁIS
32	RMA099	***5034**	AD ESCOLAR CEIP FOGAR
33	RMA102	***5337**	CLUB PÁDEL BERGANTIÑOS
34	RMA104	***2398**	ASOCIACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA AWEN
35	RMA110	***5764**	VIRGENTIS SALVAMENTO BERGANTIÑOS
36	RMA114	***5645**	CLUB DEPORTIVO RAZO
37	RMA116	***8885**	CLUB TAEKWONDO ITF
38	RMA117	***6092**	CLUB SOCIEDADE DEPORTIVA PADEL CARBALLO
39	RMA118	***5977**	SOCIEDADE DEPORTIVA OZA
40	RMA121	***7843**	CLUB DE FÚTBOL CANCES
41	RMA122	***7163**	CLUB RÍTMICA CARBALLO
42	RMA124	***9261**	ATLÉTICO CARBALLO SD
43	RMA125	***1508**	CLUB RÍTMICA PANGEA

**Anexo II.- “Consello Deportivo Municipal. Convocatoria de eleccións.Censo electoral provisional de entidades vencelladas ao eido do deporte”.**

Nº	Nº RMA	CIF	ENTIDADE
1	RMA023	***6004**	ASOCIACION DEPORTIVA, CULTURAL, RECREATIVA BALDAIO
2	RMA025	***1313**	ANPA RAIANTE
3	RMA042	***4580**	ASOCIACION RECREATIVA, CULTURAL E DEPORTIVA SAN MARTIN DE RAZO
4	RMA049	***1506**	ASOCIACION CULTURAL E DEPORTIVA BOMBEIROS BERGANTIÑOS
5	RMA054	***1151**	ASOCIACION DE PAIS DE ALUMNOS A GRANXA DO CEIP BERGANTIÑOS
6	RMA062	***8961**	ASOCIACION DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS A CARBALLEIRA
7	RMA066	***5516**	ANPA PEDRAS BRANCAS
8	RMA067	***2625**	ANPA FONTE DA CRISTINA
9	RMA068	***4509**	ANPA SAN MARTIÑO DE RAZO
10	RMA069	***5053**	ANPA A MILAGROSA
11	RMA079	***4609**	ANPA A BRAÑA DE RUS
12	RMA090	***3333**	FUNDACIÓN LUIS CALVO SANZ
13	RMA113	***5793**	ASOCIACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA A MILAGROSA

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Alcalde

Secretario

Evencio Ferrero Rodríguez

Miguel Piñeiro Souto

**CONCELLO DE CARBALLO**

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO - A Coruña



2023/D002/000018  
Exp. 2023/G003/003763

-----  
Esta publicación serve como notificación aos posibles interesados, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Secretario

Miguel Piñeiro Souto